



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: DECRETO DE DOUS DÍAS DE LOITO OFICIAL POLO PASAMENTO DE DON MANUEL TORRE IGLESIAS, FILLO PREDILECTO DE PONTEDEUME

EXPEDIENTE Nº 2025/G003/000321

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Tendo coñecida no día de hoxe a triste noticia do falecemento do que foi declarado polo Pleno da Corporación do concello de Ponte deume, Fillo Predilecto desta vila, don Manuel Torre Iglesias e tendo en conta os merecementos que xa no acto de concesión deste recoñecemento se deixaron constancia.

Eumés, da rúa do Chafarís, don Manuel Torre Iglesias, exerceu durante máis de cincuenta anos o periodismo en prensa escrita, radio e televisión.

Na súa primeira etapa escolar, estudou no Grupo Escolar Agustín Tenreiro. Aos once anos de idade, ingresa no Seminario de Santiago de Compostela, onde cursa estudos de Humanidades e Filosofía. A Continuación, diplómase como Mestre de Primeira ensinanza na Escola Amor Ruibal da Coruña. Posteriormente, licénciase en Filosofía pola Universidade Pontificia de Salamanca, e trasládase como profesor de Bacharelato a Madrid.

Pero a súa carreira periodística inicia no ano 1964 cando se inaugurou o Centro de Radio Televisión Española e nel foi admitido no Primeiro Curso de Realización. Nese mesmo ano comeza a traballar como Axudante de Realización en televisión.

Dende finais da década dos sesenta foi creador, presentador e director de diferentes programas en radio e televisión sempre no eido social e educativo, acadando un enorme éxito co seu programa de saúde "Saber vivir" de TVE (1997-2009) no que miles de espectadores o acompañaron permitindo acercar a saúde a todas as xeracións, dende os mais novos aos maiores. Este programa que se retransmitiu tamén no Canal Internacional de Televisión Española tivo dous mil cincocentos programas diarios no que se entrevistaron máis dun milleiro de especialistas relacionados coa saúde facendo unha labor de servizo público, que é digna de mención e agradecemento.

Pero o máis destacable como alcalde desta vila e que destacamos os eumeses é que en todas as actuacións privadas e públicas tivo sempre a ben dicir que era un eumés máis e por iso esta Corporación outorgoulle o título de Fillo Predilecto.

E, en consiguiente a estes merecementos e en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. – Decretar dous días de loito oficial no concello de Ponte deume, os días 20 e 21 de maio de 2025, polo que durante estos dous días contados a partir de hoxe, as bandeiras



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F – Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ubicadas en todos os edificios públicos municipais ondearán a media asta, prendendo nas que ondeen no interior, un crespón negro como sinal de loito polo pasamento do eumés Fillo Predilecto desta Vila, don Manuel Torre Iglesias.

SEGUNDO. – Suspende todos os actos públicos oficiais organizados polo concello de Pontedeume, durante o tempo decretado de loito oficial

TERCEIRO. – Amosar e trasladar as nosas máis sentidas condolencias á familia do don Manuel Torre Iglesias.

CUARTO. – Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

